


PERCORRIDO 2

Piornedo - Pico Mustallal



MIDE Piornedo - Pico Mustallal

	Duración	5h 30'		Severidade do medio	5
	Desnivel +	949m		Orientación no itinerario	2
	Desnivel -	949m		Dificultade técnica	3
	Distancia	12km		Esfuerzo necesario	3
	Percorrido	Ida e volta			



LIX
LOCALIZACIÓN
LUGARES
DE INERERE
XEOLÓXICO




Imaxe 6 - LIX 1. Pico da Torre

A segunda proposta de percorrido xeolóxico ten por temática principal o glaciario. Discorre polo sendeiro existente cara o cumio do Mustallal que parte do pobo de Piornedo.

Aínda que non forma parte do traxecto, recoméndase o ascenso ao Pico da Torre (*Imaxe 6*) que ofrece unha panorámica excepcional do val glaciario de Piornedo. Do mesmo xeito o ascenso ao cumio do Mustallal é opcional, marcada no mapa de cor vermella, unha cuestión a valorar en función das condicións meteorolóxicas e a esixencia técnica nesa parte final do percorrido.

Unha andaina para observar as pegadas deixadas polo xeo nas montañas dos Ancares ata fai uns 11.000 anos e os seus diferentes tipos de rochas. Entre elas destaca o granito, aproveitado para fins construtivos nas aldeas próximas, especialmente na de Piornedo.



Imaxe 7 - LIX 7. Contacto entre granitos

No primeiro treito do sendeiro atópanse afloramentos de rochas graníticas, recoñecibles na paisaxe pola súa morfoloxía tan característica (bolos). A presenza de granito nos Ancares é escasa, limitase á zona de Piornedo e Moreira.

Un granito é unha rocha magmática intrusiva formada por seixo, feldspato e mica, que en xeral é resistente á erosión, pero moi sinxela de desgastar nas zonas onde ten fracturas. Nestas zonas fórmase o denominado sabrío (Ancares), xábrego (Ourense) ou xabre (resto de Galicia), que non é máis que un granito areizado. Neste punto do percorrido obsérvase moi ben este proceso de meteorización.

Este granito dos Ancares orixínouse como consecuencia da intensa calor producida polo choque de dous antigos continentes, Laurusia e Gondwana fai 300 millóns de anos. Esa calor, que superaba os 800 °C, fundiu diferentes materiais da Codia terrestre e o magma resultante ao arrefriarse a profundidades de máis de 10 quilómetros deu lugar ás rochas que estamos a ver actualmente nesta parte dos Ancares Lucenses.



Camiñando un pouco máis atopamos unha pequena chaira no medio do val glaciar de Piornedo, trátase dunha cubeta de sobreexcavación, orixinada como resultado da erosión producida polo glaciar sobre a base do mesmo. Esa cubeta encheuse logo con materiais recentes transportados polo río que atravesa Campo Redondo, formándose unha terraza constituída por cantos de cuarcita e en menor proporción lousa, pero tamén areas e arxilas.

A ladeira oeste de Pena Longa amosa moi ben as dúas facies (tipos) de granitos presentes no afloramento granítico dos Ancares (*Imaxe 7*), do mesmo xeito pero na ladeira sur, pode ollarse o contacto entre as rochas graníticas e as rochas metamórficas (cuarcitas e lousas).

Na zona do contacto é frecuente a formación dun metamorfismo térmico ou de contacto, dando lugar a presenza de corneanas. Unhas rochas que amosan un moteado característico, de feito nalgúns lugares de Galicia, chámanas lousas mosqueadas, pes de pita ou mesmo vermes do estaño.



Imaxe 8 - LIX 11. Estriás glaciares

Unha vez pasada a campa de Campo Redondo, nos cortes do camiño pode ollarse un material de matriz arxilosa con abondosos cantíños subredondeados de seixo, cuarcita e en menor cantidade lousa, é o till subglaciar do glaciar de Piornedo.

Este depósito está moi compactado debido ao peso do xeo, posto que os modelos realizados ata o momento indican que o glaciar puido chegar a ter unha media de ata 130 m de espesor ó longo dos seus 5,3 quilómetros de lonxitude. Proba da forza erosiva que pode acadar un glaciar son as estriás (*Imaxe 8*) e as rochas aborregadas. Estas atópanse ben a carón, ou ben na contorna do sendeiro que leva ao

Mustallal, resultado do pulido ou dos rabuñazos que producen as rochas que leva o glaciar no medio do xeo sobre a base rochosa do val, sendo recoñecible tanto a dirección coma o sentido do movemento do glaciar. É salientable indicar tamén que ambas formas de erosión só se conservan nas rochas metamórficas e non así nas graníticas, debido en gran medida a súa textura granular que non soporta nada ben os fenómenos de abrasión.




Imaxe 9 - LIX 12. Campa de bloques de ladeira e pedreiras



Na ladeira sur de Pena Longa son moi visibles as pegadas deixadas polo periglaciario, é dicir, as orixinadas pola conxelación e desconxelación da auga. Isto obsérvase en forma de canchais ou pedreiras, campos de bloques ou glaciares rochosos.

O periglaciario que afectou a estas montañas produciuse durante un curto período de tempo, posterior á derradeira glaciación que rematou fai aproximadamente uns 20.000 anos. Naquel momento os glaciares das montañas dos Ancares estaban nun claro retroceso e a cuberta de xeo viáse moi reducida durante a época estival. A pesares diso, durante boa parte do ano os ciclos de conxelación e desconxelación da auga eran moi frecuentes e iso facilitou a facturación das rochas a través das fendas que presentaban. Unha vez fracturadas as rochas, estas eran movidas ladeira abaixo por efecto da gravidade, dando lugar ás pedreiras ou canchais. Pero se os fragmentos eran desprazados e acumulados polo xeo entón as formas que se orixinaban eran os campos de bloques (*Imaxe 9*), glaciares rochosos e morrenas de neveiro.



Imaxe 10 - LIX 14. Crestóns morrénicos

Na cabeceira do val glaciar de Piornedo atópase o circo glaciar do Mustallal - Pico de Lanza que durante a derradeira glaciación funcionou como zona de acumulación de neve e xeo que alimentaba ó glaciar desta parte dos Ancares.

Dentro deste gran circo desenvolveuse unha cubeta de sobreexcavación con varias cristas morrénicas o cal orixinou un pequeno conxunto de lagoas (*Imaxe 10*), das cales parte a maior cantidade de auga do río que atravesa o val glaciar de Piornedo.

Unhas lagoas aos pés do cumio máis elevado dos Ancares Lucenses, o Mustallal con 1934 metros de altitude e cun salientable número de canchais e campos de bloques, vestixios do periglaciario que afectou a estas montañas no Pleistoceno. Pero estas formas periglaciares tamén son visibles en Pena Longa onde hai tanto campos de bloques de ladeira coma campos de bloques de cumio.

No caso de subir ao cumio de Mustallal, a vista panorámica do val glaciar de Piornedo é excepcional, apreciándose así a maior parte das formas glaciares de acumulación e erosión observadas ata o momento. Pero tamén ofrece unha boa perspectiva da parte leonesa dos Ancares, con vales máis profundos que na parte galega, debido en gran medida ao basculamento que afectou a esta serra durante o Cenozoico por mor da Oroxenía Alpina.

En canto aos afloramentos rochosos, de novo hai rochas metamórficas, todas elas afectadas por un metamorfismo de contacto, por efecto da intrusión das rochas graníticas. Este tipo de metamorfismo é sinxelo de recoñecer porque as litoloxías máis ricas en aluminio, neste caso as lousas, amosan un moteado negro-grisáceo de cristais de andalucita e/ou cordierita. Non así visibles nas cuarcitas por mor do seu baixo contido en óxido de aluminio, indispensables para que se poidan formar estes dous minerais.